

FRANCISCO AÑÓN PAZ

POESÍAS GALEGAS



PUBLICACIÓS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1966

EDICIÓN FACSIMILAR

II

FRANCISCO AÑÓN PAZ

Poucas veces, moi de raro en raro, víronse íren de acordo o pensar da crítica dos eruditos co modo do sentire popular. Verbo d'eso é que se no concepto d'aqueles este poeta galego non enche o posto de un dos primeiros do noso Parnaso, en troques, sendo, tanto na vida como na morte, un dos máis conocidos das nosas xentes, ten para elas a mesma, senón máis grande, merecente sona que calesquer dos millóres para os outros. Tan é así que as súas obras están esgotadas e non se da c'un exemplar d'elas por ningures.

Non se poderá endexamáis falar dos poetas galegos sen que teñamos que dar comenzo por Añón, inda que sexan conocidas poucas das moitas poesías que produxo; pero non en balde foi e será un dos nosos vates que máis chegaron ao pobo. O tempo non o fixo esquencer do seu poeta favorito, cuya sona ao contrario, medra máis e máis de día en día.

A popularidade de Añón, como a de outros moitos, préstalle ben pouco á certos entes fracasados, incomprendidos do vulgo según eles din, e teñen aquela, inda que a envexen pol-o calado, como a cousa despreciabre pois según contan á boca chea é maor a popularidade canta maor é a incultura.

Algo da cativreira estima co a que se xusga á Añón, polos moi sabidos, por aqueles que para todo, inda para as letras galegas, botan man de patrós e medidas castelans, foi o se incruíren, entromedias dos seus versos, todol-os que d'él poideron se atopar. Abondan moitos na mentireira creenza de que ao se publicare as obras de un escritor, co gallo de dalas o máis compretas posibre, deben s'emprentaren todol-os seus traballos.

Tamén abondan os que desconocendo o xusto medio e o ambiente no que se movéu o desenvolvemento e progreso da renacente poesía

galega, aprícanlle asímesmo para a crítica un criterio somellante ao que ten de se apricare á unha literatura xa formada e que teña séculos de vida. Por eso o inxusto das censures á Añón, do que moitas das suas poesías, as máis divulgadas, son as inferiores ou de principiante, inda que xa n-elas xurdan espontáneas a tenrura e a sinxela característica campesina, propia de todol-os iniciadores da restauración literaria galega, que tardan en se desprendere do xeito inxénito e malicioso propio da raza.

Nosoutros temos outra maneira de vel-as cousas á este respeito e somos dos que creen debe de se facer unha boa e ben debida escolleita, malia de que o libro ou libros non medren nas súas follas, pois val máis a calidade que a cantidade, que as tachas de se lle perdoar ao Sol, é por sere éste fonte de calor e vida.

De ahí que lle pasara á Añón o que lle pasou. Ao se coleccionaren as súas poesías, as máis d'elas poden se daren por perdidas para en de sempre xamáis, fíxose oco á tantas cantas poideron se axuntaren, esquencéndose de que non se conservando outros orixinaes máis que á garda da memoria do autor, morto éste e desaparecidos os boletís onde viron a luz os seus versos, tiñan de se resentiren os que d'estos se recolleran, pois de non estaren contrafeitos os faltosos, abundarían en defectos por mal tomadas de ouvido ou por erros de copia.

Se ademáis ben se arropara no tempo en que viviu Añón, o alborrexar do rexurdimento actual das nosas letras nas que foi un dos precursores, e na vida bohemia e aventureira que tanto se aviña co a sua maneira de ser, non deberá ser motivo d'estraneza que se atope unha certa desigualdade nas súas composiciós, moito máis tendo en conta que a maoría das que se conservan, pol-o mor das circunstancias porque o poeta pasou na vida, foron fillas do momento e como tales carentes, sea quen queira o poeta que as faga, de toda valoría, véndose, por certo, adicada, ás veces, unha mesma poesía á dúas ou máis persoas.

Pese á todo, Añón, o **Patriarca**, como se lle chamou e sigue se lle chamando, foi, é, e terá de seguire sendo, cada vez máis acrecentado o seu recordo e o seu nome, o poeta popular, o mesmo dos que non abandonamos a nosa meiga terra, que d'aqueles que alonxados d'ela, sinten nas almas mortaes saudades pol-os nativos e amados eidos.

Así vese á cotío como todol-os boletís e total-as **Antoloxías galegas** dan preminente posto aos versos d'este poeta sin que o tempo faga esquencel-o seu nome. Nas **Revistas rexionais** das Américas, ten tamén o seu lugar.

E que Añón é ante todo, e malia á todo, o poeta verdadeiramente enxebre, sendo, por enteiro todo noso e todo do seu terruño. A sua

musa non será a soberba diosa das maxestuosas composicións, mais vese refrexada n-ela a espontaneidade e a saudade; está de cote tan chea da fresca e rescendente poesía popular galega e acugula nas súas composicións tanta tenrura, inxenuidade e humorismo que él, cal poucos o fixeron, acertou á lles dar aos seus versos todo aquel encanto e toda aquela xugosidad que son cal cerne da nosa lírica. Perda grande para esta derradeira foi a da maoría das poesías de Añón. Pol-as contadas que se conocen é de lamentar que o noso Parnaso se non poda envanecer con outras xoyas de tanta valía como **Recordos da Infancia**, tan doces e sentidos, **A Pantasma**, chea de gracia e socarronería, **O Magosto**, cadro típico rebotante de humorismo, e algunhas máis como os celebrados e patrióticos **Himnos** (1) composicións todas que figuran n-este volume.

Entre eles o adicado **A Galicia** que outivo o acésit ao primeiro premio (este quedou deserto) nos xogos froraes da Cruña no ano 1861, o que por certo motivou que Añón escribira unha donosa poesía da que solo recordamos algúns versos soltos.

A nosa fala, n-este poeta, móstrase fluída e correta con toda a súa elegante ductilidade, e toda a súa doce e soave eufonía, libre da irta verba de que outros poetas de máis sona do seu tempo, como outros moitos escritores dos nosos días non acertaron á se libraren, como tampouco se libraron, nin o mesmo Añón, de certos castellanismos que se esculpabres n-aqueles días hoxe non teñen perdón, como tampouco o teñen os que agora convirten o celme da falanguera fala falega, en algo somellante ao chirriar dos carros.

Tantas, cantas máis veces se lean os versos do doce Añón, do **Patriarca**, farán acordaren algo adormexado nos nosos corazós. E o poeta, agarimoso e vello amigo que préstanos alentos nos nosos amores e espranzas e ao nos falare das súas coitas, danos acougo para as nosas mágoas e os nosos acidumes sintindo sempre co'él, todo canto alegre ou anoitece a alma d'esta nosa patria para que o poeta tiña gardadas no seu peito, todol-os seus querereres, para esta terra na que cobizaba descansar para sempre como nos dí n-un dos seus **Himnos**:

¡Ay! eu tamén quixera dormir no teu regazo
Cando pechando os ollos dixera ao mundo adiós!
Para contigo unirme en máis estreito lazo.

Entromedias das diferencias que se notan na musa de Añón, ten éste sempre para nós un certo meigo encanto nos seus versos, e ora se nos mostra doce, melancónico e tenro ao nos falare dos re-

(1) Por eles foi conocido tamén Añón pol-o poeta dos *Himnos*.

cordos santos do seu fogar, da fermosura da nosa terra pol-a que sempre salaya e á que deseia ver grande e frolecente, ou ora nos cante as nosas vellas tradicións e co'a picaresca e socarrona malicia da xente das nosas campías se bulra das antigas supersticións, ou xa cando nos seus intencionados epigramas que firen cal as abellas, xoga brillantemente co equívoco, vemos sempre n-este poeta, máis do campo que vilán, un grande e verdadeiro poeta galego, á quen ha de chegarlle, máis tarde ou cedo, a hora xusta da reparación para que o seu nome sea grabado con letras d'ouro ao par dos que os teñen nas primeiras ringleiras das follas da nosa historia literaria.

Alentan nos poemas de este poeta o máis intenso amor á terra natal, para a que ansía un porvir glorioso. E o amor sempre arrequecido do fillo para a nai, que tanto máis se ama tanto esté máis alonxada de nós. E dende o estranamento o poeta Añón, énchese de saudade e canta súa terra con férvidos anhelos. Esa saudade e ese amor do que ten tan lonxe de él non é senón o refrexo da alma da raza inda que a él se xuntan as tristuras e acedumes do poeta.

As súas poesías casteláns non teñen porque se mentaren aquí: mais non estará por máis decire que a tan conocida e popular **El borracho y el eco** foi senón plaxiada, copiada máis d'unha vez e algúns críticos do Centro que non atoparon mérito n-esta poesía de Añón, debulláronse en eloxios d'unha certa poesía francesa, moi celebrada un tempo e que para nós non tiña a gracia e donosura que a do noso poeta, na que somellaba estar inspirada.

Os que así xulgaron esta poesía fixérono por seguir os preceptistas que teñen esta derivación chamada **poesía de eco**, propia dos séculos XVI e XVII, como artificiosa e pueril, quizaves porque algúns dos que a cultivaron, moitos pelengrinos inxenios, non acertaron a lles dar ás súas composicións a gracia, espontaneidade, viveza e naturalidade no diálogo que tanto se remarcan na poesía do poeta galego.

* * *

Francisco Añón Paz, nacéu n'aldea de Boel, parroquia e concello de Outes, partido de Muros, provincia da Cruña, o día 9 de Outono do ano 1812.

Os seus primeiros pasos na vida foron os máis ditosos días do poeta, e d'eles fálanos nos **Recordos da infancia**. Pasounos nos encantadores e nativos eidos dos que os coidados e azares, tíñano de alonxar; mais a visión d'aqueles ardentes paisaxes non se borróu endexamáis dos ollos de Añón.

Estudiou primeiramente no Seminario de Compostela, mais logo deu de lado a carreira eclesiástica e os ideás da fe, víronse trocados pol-os da liberdade; d'este xeito o que nos comenzos cantou a santidad das cousas, rematou, máis que indeferente, sendo incrédulo.

Seguiu na Universidade da mesma Compostela a nova carreira e licenciouse en Filosofía, facéndoo de Xurisprudencia o mesmo ano que o seu grande amigo, o poeta vigués Xosé M.^a Posada, ou sea no ano 1845. Na cibdad compostelán, tomou parte aitivísima no rexurdimento literario de Galicia, e foi un dos fundadores da **Academia Literario-Artística de Compostela**, creada no ano 1840 e que tiña o seu domicilio n-un dos salóns do ex-Monasterio de San Martiño.

Entramentes seguía os seus estudos e viviu na súa terra, deu a publicidade moitísimas poesías e numerosos epigramas, máis en galego que en castelán, e os boletís da rexión n-aquel tempo **El Porvenir de Galicia**, **El Idólatra de Galicia**, **La Aurora de Galicia**, o **Recreo Compostelano** e outros de Santiago y **El Centinela de Galicia** da Cruña, honraron as súas columnas cos celebrados versos de Añón que tan popular o fixeron, pois a prensa d'aquela, era moi outra do que é agora.

Tomou parte principal na gloriosa e malfadada revolución galega do ano 1846 e, coma outros máis, víuse obrigado a fuxir a Portugal. Alí redactou na publicación bilingüe **La Revista Peninsular**; mais chegadol-os sucesos de D.^a María de la Gloria, o seu **Himno dos povos** fixo famoso o seu nome, e tamén que se vira perseguido e botado fora do país veciño no ano 1850.

Tivo ocasión d'aquela de ver mundo. Como segredario do lord inglés Mr. Shawfordt visitou Francia, Italia e Andalucía, residindo n-esta rexión española coma cousa de tres anos, durante os que publicou algúns traballos nos boletís que n-ela vían luz. N-eles tamén escribía Vicetto, ao que as súas novelas, especialmente **Los Hidalgos de Monforte**, cúa primeira edición é a de Sevilla (1851), comenaban a lle daren merecida sona.

Mais as terras que visitaba Añón, malia de toda a súa fermosura, non eran aqueles meigos lugares, endexamáis esquencidos pol-o errante poeta, aqueles lugares que non tiña xa máis de volver á vel-os, senón cal lostregante visión, e dos que con dôrido acento nos dí n-unha das súas máis sentidas composicións:

¡Lonxe de vos eu morro! ¡Sin vos non sei vivir!

Xa en Madride pol-o ano 1858, e onde a punxante espiña do recordo da amada terra ausente habíalle de inspirar as máis tenras é saudosas das súas poesías, entregouse ao periodismo político, e os acontecementos de 1866, fixérono de novo volver a Portugal. Abrú-

Ile as portas da patria a revolución septembrina, e no ano 1869 logrou, por mediación do noso paisano Montero Ríos, un cativo emprego no Ministerio de Gracia e Xusticia, mais víuse logo cesante. Antes de logral-o emprego viviu en Galicia, en Santiago é na Cruña, do 1866 ao 1869, e n-estas duas vilas escribiu algunhas novas poesías.

Dende 1869 hasta a súa morte viviu a vida de todos os poetas bohemios que non saben outra cousa que facer versos; e Añón seguiu sendo poeta, pero poeta galego.

No ano 1875 constituíuse por varios galegos residentes en Madrid a sociedade chamada **Galicia Literaria**, creada por iniciativa do malogrado Vesteiro Torres.

Foi seu presidente Añón o co'él formaban a direitiva os irmáns Muruais e Novo, Luis Taboada, Peña Rucabado e outros.

Nas súas reuniós líanse traballos en prosa e verso, que foron reunidos e os orixinás legados a "Biblioteca de Universidade de Santiago".

Cesante, en Madrیده, comenzan as maores desventuras para o poeta. Outra vez periodista; logo á dare leiciós de idiomas (falaba francés, inglés é portugués), mais tarde vivindo penosamente como intérprete portugués d'un Hotel...

¿A qué seguilo na súa vida dôrida, de acedumes e amarguxos?

Vello, doente é pobre pasou por moitas, mais inda tiñañ de lle chegaren horas máis amargas. Así e todo o seu humorismo de cote, non o deixou, como pode verse na poesía **A miña enfermédá**, composta pouco antes de s'empeorar; composición na que o poeta se bulra donosamente dos seus males.

Mais cando a mala fada persigue a alguén, como faga n-él presa, non o deixa nin de vivo nin de morto. Así, se fixo dona de Añón.

Viviu os derradeiros dos seus días na casa do seu amigo Romaña, hastra que foi preciso trasladalo pol-o mor d'unha operación quirúrxica a unha sala de pago do Hospital matritense da Princesa onde ficou seus días na cama número 20 da sala de San Lesmes este fillo amante de Galicia, casi no maor dos desamparos, pois hasta no viaxé â súa derradeira morada, foron poucos, contados, dos seus amigos, Montero Ríos e outros varios, os que o acampañaron, pois nin aqueles nin a numerosa colonia galega da Corte, souperon cando morrera, que foi ó 20 de abril de 1878.

¡Pobre Añón! Dormes o sono de paz no patio do Pozo do Cimiterio do Sul de Madrیده, en terra allea e baixo un ceo que non é o da tua patria; mais se ésta inda non recramou teus restos para repousar no seu seo amante cal eran os teus desexos, parez que agora se trata, e queiran os Ceos non quede somentes en iniciativa, de que tan sagrado difunto repouse na amada terra nativa.

Galicia está no deber de honrar a memoria do altísimo poeta, pois non abonda que teña como premio un altar no corazón de todol-os bons galegos, que non se esquencen endexamáis de quen fillo agarimoso, teña seus pensamentos nos eidos ben amados, mais morréu sen ver feito cumprido o tan cobizado sono.

**Mesmo entrar non quixera na Goria
sin primeiro pasar por ahí.**

UXÍO CARRÉ ALDAO

(Prólogo do libro *Poesías galegas*, de Francisco Añón, editado na Cruña, en 1928, pol-a BIBLIOTECA LÍRICA "LAR".)

III

ENSAIOS DE PHISIOGNOMONÍA

FRANCISCO AÑÓN

Iste estudo, com'o qu'adicamos a Saco e Arce, está feito por un retrato: o retrato mais popularizado do Poeta dos Himnos, feito en dibuxo e reproducido d'abondo en libros, revistas e xornaes, retrato ben mais coñecido da xente que non os versos xa pouco leídos d'Añón. Anque hoxe, co intrés qu'encomenza a espertar o romantismo, non quita que volvan ser traguidos â actualidade.

Foi a persoalidade interna de Francisco Añón superior ou inferior â sua obra de poeta? D'un xeito xeral, a obra d'un escritor non é mais qu'aquela parte da sua vida interior qu'o escritor atinou a espresar. Un home calquera que poidera chegar a espresar, a dicir toda a sua vida interior, sería o maor escritor do mundo. No **Ulysses** semella que sequer **dicir todo**, e ata certo punto, tamén no **Portrait**. Mais estas son obras do noso tempo. No tempo d'Añón, o escritor non dicía mais qu'aquelo que consideraba dino de ser comunicado ôs demais. Estaba n-unha moito meirande dependencia do púbrico do qu'está o escritor de hoxe, e non daba mais qu'unha escolma do seu mundo interior, o que se consideraba **importante** ou **intresante**, contrariamente ô parecer de Ibsen. Por outra beira, eso de **dicilo todo** anque pareza paradoxa, nono pode facer mais qu'un introvertido, coma Joyce ou coma Proust; mais Añón era pol-a contra, un extravertido, com'imos ver. Por todas estas razóns, un estudo fisiognómico d'un escritor do tempo d'Añón poidera dar que nos amostrara un home inteiramente difrente do que revelan os seus escritos.

Veleiquí temos esta caracterizada e forte testa romántica de Francisco Añón, que logo veremos que non tiña nada de forte... Imos ver n'il o reverso de Saco e Arce.

A fronte outa, botada pra atrás, o narís prominente, a queixada recollida por adiante, co papo pouco acusado, curto e tendendo â vertical, determiñan un prefil acusadamente convexo, que denota unha forte masculinidade, un caraute varonil e animoso, optimista e afirmativo. Face carnosa e grandeira, qu'ofrece ô ollar moita superficie, que s'amostra e s'ostenta, e parez franca, apesares de certos siñás de concentración, com'o plegamento das sobrecellas e o bico pechado debaixo do gran bigote. Carauteres todos concordantes, com'os qu'agora imos ver.

A fronte despexada, moi ancha, da que vai recuando o cabelo, que semella levado, pra atrás por un vento de treboada —o vento de que foi xoguete a vida do gran romántico, do gran viaxeiro, que foi un pouco com'as follas secas que cantou Castor Elices, ánimo incerto, que loita desespradamente co-a sorte, que é o vento qu'axita ises cabelos, botados pra atrás, co ise peiteado que n-aquil tempo chamaban á **la Robespierre**, en consonancia co-as ideias do autor do **Himno dos povos**, o qual amostra tamén un bigote **castelarino**, com'as sobrecellas... Añón tiña un dermatoesquelete repubricán...— e rematando abaixo n-unhas sobrecellas crespas e enrugadas, forma a parte anterior d'un cráneo braquicéfalo, de gran desenrolo sobre todo en outura, qu'o faría clasificar decididamente no tipo cerebral, senón fora pol-a importancia que semella ter o diámetro bicigomático, que nos leva a telo mais ben coma tipo respiratoiro. De todol-os xeitos, esta frente que se vai pra atrás arredándose da vertical, indica o home impulsivo, arrautado, que pensa pouco o que fai, ou que fai mais do que pensa. Xa emprincipiamos a ver que non era Añón un home forte, un home de vontade sostida, senón d'arrautos, de vontade intermitente, d'alternancias d'optimismo e pesimismo, d'iniiciativa e pasividade: un ciclotímico.

O tramo meio da face, que corresponde orgánicamente ô peito e metafisicamente ô mundo intermeio ou vital —a vida (curazón e aparato respiratoiro) ten o seu principal asento no peito— ten un desenrolo especial que amostra un espírito inqueda, aventureiro, soñador, utopista: gran diámetro bicigomático, pómulos marcados. Oferce â ouservación, n-iste retrato, carauteres ben dinos d'estudo: tres liñas paralelas descendentes de cada lado da face, que parten do ángulo interno dos ollos, d'enriba das aletas do narís, e dos ángulos dos beizos, e que sucun fundamente as fazulas, marcando os regos da disgracia, do home estragado e traballado pol-a vida, esclerosado, vencido e tristeiro. A carón d'istes tres regueiros das bágoas, pouco fai o narís audaz, cortado na punta, cheo d'acometividade e de grandes ideias; pouco fan ises ollos craros e francos, un pouco saídos pra fora; cheos de confianza e lealdade, que nol-o amos-

tran ademais com'un estravertido, un home dado â vida de relazón e con preocupacións d'orde social preferentes. Cando surtiu â vida Francisco Añón, era xa un vencido, era xa un home entregado ô fado

qui m'emporte
çá e lá
pareille á la
feuille morte...

que diríamos xuntando a ispiración d'Elices â de Verlaine... Condanadas a morte iban as ilusiós qu'enchían aqueles ollos e aquela fronte manífeca...

Probe Añón! Era todo esprito. O tramo inferior da face, onde s'amostran os apetitos materiás, está n-il caxequ'atrofiado. Ten unha queixada forte, mais retirada e coma posta en derradeiro termo, recollida, domiñada, escurecida pol-a fronte, pol-o narís, pol-os pómulos.

O bico, que se non pode apreciar n-iste retrato, adivíñase sorridente por debaixo do gran bigote de trunfal xoavilidade, igual qu'os ollos qu'ainda queren rir en contra dos sucos de tristura que n-iles comenzan. Denuncian istes carauteres un humorismo confiado e san, verdadeira **bonhomie**, en contraste remarcábele cos plegues preocupados e doerosos do entrecello.

Probe Añón! Non é a sua unha traxedia interior com'a de Saco e Arce, home de firme vontade que se vencía, que s'ollaba a sí mesmo. Non: Añón amóstranos unha sorte de semi-infantilidade sostida moitos anos contra vento e maréa qu'ô fin o venceu. Era un inxenuo; era feble d'alma. Deixábase levar no trebón da vida; era capás de grandes pulos, mais cansaba logo; se non conformaba con soñar o seu soño, e quería atopar na realidade da vida, e tampouco era forte pra conformar a vida —ô menos a sua vida— ô qu'era o seu soño. Romantismo dinámico. E, crar'está...

VICENTE RISCO

(“Nós”, d'Ourense, núm. 51, correspondente ô 15 de marzo do 1928.)

IV

LIXEIRA SEMBLANZA DE AÑÓN

N'unha doce mañán do maio léu nas soedades do Retiro de Madrid D. Manuel Murguía **Os Fidalgos de Monforte**, de Vicetto, según él nos di n'**Os Precursores**, onde fai este retrato do famoso escritor ferrolán: "Vicetto era hombre alto y bien dispuesto, aunque de andar descuidado, de rostro varonil y hermoso, de cutis bronceado como las nubes del Tambre en las brumosas tardes de Otoño, de ojos negros, de espaciosa frente; la raza celta no le había dado uno solo de sus rasgos."

Temos, pois, o retrato de Vicetto, mais non temos o de Francisco Añón. Murguía non'os fala de Francisco Añón n'**Os Precursores**. E Añón, emporiso, foi un precursor, mais dino ainda d'este nome que algúns dos que asinala como taes o inequiescente patricio D. Manoel.

¿De qué xeito sería Añón? ¿Alto ou baixo? ¿Loiro ou moreno? ¿Belido ou feio? Eu non poden averigualo. Outros quizáis o sabrán. Sin dúbida os familiares de seu e algúns vellos que inda viven, poderían ofrecernos, se cadra, un retrato físico do infelis conterráneo a quen hoxe relembramos; porque o diseño da cabeza do autor da **Pantasma** que nos mostra o ilustre Carré Aldao na escolma dos poemas d'aquél que publicou fai pouco, non di gran cousa sobre do caso.

Nós coñecímolo despois do seu triste pasamento, sin agarimo de ninguén; despois de que

.....morto en Castilla
foi do hospital para a cova
levado n'unha angarilla.

Coñecímolo de capitán da Santa Compañía a través das triadas firentes de Curros, percorrendo os sete vagóns do ferrocarril do

Inferno, “vello, de branca barba, encurvado sobre unha caxata, sufrindo pelresía, c’os ollos grandes de aguiá, d’un criticismo infinito, vestindo corozá e monteira, a cara feita de sol e os cabelos de lua”.

Pro este novo Virxilio do **Divino Sainete**, de Curros, lembrador —pol-a imitanza— d’aquela felis evocación do verdadeiro cisne de Mantua que lle serve de guieiro ô Dante ô longo da **Divina Comedia**, quizáis en vida fose d’outro xeito. Porque, ben sabedes que os poetas e os nenos teñen, com’a tivo o rei Midas, virtude para trocaren mesmo a ruiña escoria en ouro de lei.

De calquer maneira, Francisco Añón, chamado antano o **Patriarca**, é unha das mais interesantes figuras do noso interesantísimo romanticismo. Estudante de disciplinas eclesiásticas e de Dereito en Compostela, alí mostrou a súa acesa i-alma de poeta e xornalista, cando o absolutismo e a liberdade loitaban a eito, disputándose o goberno da España. Añón tomou resolto partido pol-a liberdade e a persecución e o desterro foron os premios da súa actitude. Toda a súa vida, pol-as cousas fragmentarias que sabemos d’ela, é unha vida bohemia, azarosa, cheia d’espíñas; pro vida heroica i-exemprar ô fin, porque estivo posta de continuo ô servicio de nobres ideaes.

O que escribiu Curros para sí mesmo, pódese lle apricar tamén a Añón e a outros moitos galegos do seu tempo:

¡Ai do que leva na frente unha estrela!
¡Ay do que leva no bico un cantar!

Posto esto quere decir que os que sintan un ideal —non soamente o desexo de progresos materialistas— e o defendan sin tréngolas pondo quentura de poetas no seu espallamento, morrerán, ou como Curros no ostracismo, ou como Añón no leito frío d’un hospital.

Añón ben sabedes que non puido durmir na verde e húmeda terra galega o seu sono derradeiro, inda que cubizaba que asin fose.

Mesmo entrar eu non quero na gloria
sin primeiro pasar por ahí,

dixo n’un dos seus poemas. “Por ahí”, era a patria natal, o “querido corruncho”.

Despois d’andar fuxido por Inglaterra e Portugal —os dous países que tantas veces salvaron ôs nosos loitadores das poutas da tiranía—, despois de que o espulsaron de Portugal, por ter escrito en portugues aquel **Himno dos povos**, que era un canto varil â liberdade, despois que como secretario d’un personaxe inglés —xa que coñecía varias linguas— percorreu diversas terras da Europa, e logo de voltar novamente a España facendo periodismo honrado en

Andalucía e na Corte, inda sufríu outro desterro do que se librou ô trunfar a Revolución de Setembre. Entón volveu a Madrid, pero xa canso e sin folgos, para pasar fame, para sentírese orfo de afeutos, para pillar a doencia que o levou ô hospital onde tivo pasamento, en terrible soedade, sin que unha man amiga lle pechara os ollos. Este epílogo tivo a bohemia do noso poeta, cen veces mais aceda que a dos héroes de Murger, e cen veces mais nobre: porque Añón nos loitou pol-a sua gloria d'artista senon pol-o trunfo da liberdade beneficosa para todos e pol-a redención da terra nativa.

Curros no **Divino Sainete** pon nos seus labios estas triadas:

.....Morto en Castilla
fun d'o hospital para a cova
levado n'unha angarilla.
Un amigo verdadeiro,
amparo meu moitas veces,
o bon Euxenio Monteiro,
do meu tránsito avisado
iba trás do meu cadavre
mais que eu morto e desolado.
De certo qu'él non soubera
da miña final batalla
a loita sinistra e fera.
Se d'ela eu conta lle dira,
cal me redimíu d'os foros
da fame me redimira.
N'a fosa común collido,
cayeu sobre o morto a terra,
cayeu sobre a terra o olvido.
Y-eu n'aquel silencio manso,
gocei pol-a vez primeira
unha miga de descanso

Do hospital foi para a fosa común o noso poeta; lonxe de Galicia, seguido por un solo paisano —se non minte a referencia de Curros— que se chamaba Montero Ríos. ¡Montero Ríos! Vede aquí outro galego a quen moito combatimos mentras viveu, pero a quen hoxe, xa morto, comparando tempos con tempos, temos que lembrar con agarimo. Porque él, dono d'un rexo espírito xurídico, renunciou â cátedra que esplicaba en Santiago, sufrindo miseria e desterro, cando condenou un goberno ausolutista e reaicionario a liberdade da ensiñanza; ¡belo xesto dos que agora non se ven en ningures! Porque él trouxo â lexislación española cantas institucións democráticas trunfaban na Europa culta, e se non foi sempre o político exemprar que quixéramos, a culpa non cabe botarilla a él. N'un pobo sin senso civil e liberal, n'un país sin pulso, o estadista mais honrado e mais talentado do mundo, acabaría facéndose cacique. E isto ll'aconteceu a Montero Ríos o único acompañante do cadavre de Añón, d'este noso poeta infelis cuos restos mortaes perdéronse na fosa común, na fosa común que cantou o portugués Guerra Xun-

queiro n'un fermoso poema **A Velhice do Padre Eterno**, dicindo que n'ela quería ser enterrado, cabo dos probes, cabo dos homes sin ventura e sin amigos nin familiares. ¡Verdadeira tumba de poeta!

Non poderemos, pois, como desexábamós, traer as cinzas de Añón a un camposanto aldeán e florido da terra galega. Tampoco ô da Cruña, onde atoparía moi boa compañía. Pro, o seu espírito, ten espléndido mausoleo no **Divino Sainete** de Curros. O numen xeneroso do autor de **Aires da miña terra** fíxolle o millor homenaxe.

Curros e Añón, almas xemeas, cujas sombras amigas andan a dialogaren pol-os buxos sempre vizosos dos Campos Elíseos, baixo a luz escintilante d'un eterno mediodía, hoxe, como nunca, pensarán que inda non se trocou toda a xuventude de sapos en xuventude d'estrelas; que inda hai mais mocidade sapuda que mocidade estrecente. Y-eu pensando no calvario de Añón, no santo apostolado liberal de Añón, que o levou ô desterro, ô hospital e â fosa común, lonxe dos seus, non teño cara para arrenegar do romanticismo, chamándolle cousa cursi e **demodé**, porque o romanticismo nos trouxo o ideal galeguista, nos trouxo a liberdade actualmente en eclipse; e os **ismos** dos que agora se chaman novos e modernos, nin fan santos laicos, nin enfervorizan âs masas, nin levan a ninguén pol-o camiño espiñento e cheio de croyos do sacrificio e o desinterés. Abóndalles co'a metáfora pura e co'a imaxen deshumanizada. Non sinten desexos de faceren triadas fungadoras que biquen ond'haxa virtude e firan ond'haxa vicio. Queren facer beleza pra minorías ô marxen da fealdade da miseria e da probeza das maiorías, alleos a esta fealdade, sin termaren de a redimir, atentos â sua sola gloria e ô seu soio proveito. Y-emporiso, meus amigos, eu sigo lembrando con amor ôs románticos e sintíndome tamén un pouco romántico, pensando con Jaurés no arte humanizado e humanitario, n'ese arte que canta os sufrimentos do pobo, levándolles un consolo, unha esperanza e un estímulo para a aición ôs homil-des, ôs famentos de pan e de cultura, ôs que esligan co'a sede de xusticia.

¡Benia ôs que, como Añón, non se pecharon na egoista torre de marfil, senon que sintindo os degoiros da terra nai e as ansias de liberdade dos seus compatriotas déronse por enteiro a elas sin pensaren en sí mesmos, despreciando honores e comodidades materiás, escribindo sempre con sangue do espírito e tinguindo c'o roxo zume das suas veas as pedras dos camiños onde seus pes d'apóstoles pou-saban, méntral-os ollos, esquencidos do chán, dirixíanse ô alto para rimaren c'o tremelucir das estrelas os latexos dos seus corazóns!

E mesmo dooroso que inda non se teñan feito as biografías completas e fieles d'estes románticos da nosa terra, que foron místicos da liberdade, vidas exemprares moi dinas de se ofrecerem â consi-

deración de tantos galegos d'hoxe que coidan que abonda c'o progreso material e non sinten, pol-o tanto, o desexo de crebar a lira de torvas cordas na testa da tiranía. Os problemas que preocuparon a Añón, a Vicetto, e moitos mais da súa época, inda non se solucionaron. Ogaño como antaño habería poetas desterrados, si os poetas de hoxe com'os poetas d'onte, foran poetas o mesmo que nos seus libros na súa vida; e si como Dióxenes o grego, prefirisen a rayola de sol que é libertade e independencia ôs favores e agarimos de reis e oligarcas.

Antes de que o bardo Pondal dixera: "Os tempos son chegados", Añón escribíu:

O tempo s'apresura.
Querida patria escoita
Ise xemido rouco
que racha o aire ván.

Y-escoitando ese xemido foi â loita, tendo como premios o desterro, a pelegrinaxe por Europa, levando sempre na i-alma, com'a caricola mariña a voz do mare, as lembranzas da súa terra verdecente, a fame, a morte n'un hospital estrano, sin mans amigas que lle pecharan os ollos, e o acochamento do seu cadavre na fosa común d'un cemiterio tan diferente dos cemiterios galegos.

Gloria a Añón, que amén de poeta, foi xornalista, periodista dinc, honra do periodismo galego —coma Curros, coma Faraldo, coma Moreno Astray, coma tantos outros, que ogallá tivesen moitos imitadores entr'os periodistas d'hoxe. ¡Probe Añón, que levando a Galicia tan dentro de sí, morreu tan lonxe da terra galega!

Pois quen queira decatarse ben do ambiente da época na que viveu o noso poeta, que leía a novela de Otero Pedrayo **Os camiños da vida**, que é a millor novela que se fixo en Galicia hasta agora e unha das milloras novelas españolas contemporáneas que non sei por qué na Prensa galega en xeneral non foi loubada ainda canto é merecente de o sere.

O relembrarmos hoxe a Añón, por iniciativa da Real Academia Gallega, comprimos un nobre deber patriótico. Nunca se fará vella a socorrida frase de que somentes son dinos de viviren os pobos que se honoran a sí mesmos honorando ôs que foron seus grandes homes,

ANTONIO VILLAR PONTE

(Traballo lido no homenaxe tributado no ano 1928 pol-a Real Academia Gallega a Benito Vicetto e Francisco Añón con motivo do cincuenta aniversario do pasamento de tan insignes conterráneos.)

A LA REAL ACADEMIA GALLEGA

Aunque ya un contemporáneo y amigo del poeta, Victorino Novo, lo hubiera indicado en el prólogo que en 1889 escribió para el volumen de **Poesías gallegas y castellanas** de Añón, editado por M. Salazar, la Real Academia Gallega estaba en el deber de comprobar de una manera evidente, en esta hora del cincuentenario de la muerte del insigne hijo de Boel, que el cadáver del poeta tuvo su reposo en la fosa común de un cementerio madrileño y que sus restos estaban para siempre e irremisiblemente perdidos.

Era necesario que la gestión se efectuase, buscando un testimonio rotundo e irrecusable con que reforzar el del prologuista de aquel libro. Porque recientemente se han hecho loables campañas estimulando la repatriación de los huesos de Añón, y, como resultado de esas campañas, parecía quedar flotando en el ambiente una duda: la duda de si las Corporaciones representativas del espíritu regional guardaban un deber incumplido y permanecían sordas ante una demanda justísima del país, sabedoras de que allá en un cementerio madrileño estaban en lugar definido, yaciendo bajo memoradora losa, costeada por algunos amigos, los restos de Añón, el poeta que deseaba ardientemente descansar en un rincón de su tierra nativa.

Sébase desde hoy que no es así: sébase desde hoy que el pobre cantor, enamorado de su país, murió en la miseria, de todos abandonado, y su cadáver fue a la común yacija que la caridad ofrece al desprovisto de todo amparo de familia y amistades y compatriotas. Los huesos de Añón, mezclados a los de otros incontables desgraciados, en el gran osario están, imposibles de identificar.

Un gran patriota y distinguido miembro Correspondiente de nuestra Academia, a la vez que ilustre artista, el Presidente del

“Centro de Galicia”, de Madrid, D. Francisco Llorens, hubo de secundarnos con gran acierto y fervorosa devoción, en la gestión que le encomendamos.

De su labor directa y personalmente hecha, en parte, y, en otra, encomendada a un funcionario que inoportunamente la ha hecho pública, hemos obtenido el resultado final, lamentable, triste; esta nota desoladora:

“Ayuntamiento de Madrid.—Dirección de Cementerios.
”Don Francisco Añón Paz falleció el 20 de abril de 1878
”en el Hospital de la Princesa y fue enterrado en el Ce-
”menterio General del Norte, según consta en el Juzgado
”municipal del distrito de Palacio que era al que pertene-
”ecía entonces dicho establecimiento. En virtud de R. O.
”fecha 31 de agosto de 1899 se trasladaron los restos mor-
”tales del General del Norte al General del Sur (aunque
”dice la disposición a la nueva Necrópolis). En el registro
”de inhumaciones del citado Cementerio General del Norte,
”obrante en el Obispado, figura la inscripción de Fran-
”cisco Añón Paz, enterrado el día 21 de abril de 1878 en
”sepultura común (caridad) sin filiación, ignorándose
”la edad, estado, etc., lo cual nos demuestra que de Añón
”no hubo quien se ocupara ni en su última hora, y es de
”suponer también que el poeta falleció careciendo de todo
”recurso. Los restos no es posible reunirlos porque están
”en el osario del General del Sur, a donde fueron trasla-
”dados del General del Norte.”

La Academia Gallega, que al iniciar hace meses la gestión para hallar los restos del poeta de Boel, pretendía repatriarlos solemnemente a Galicia en estos días del cincuentenario, ha tenido que renunciar a su propósito.

¡Enseñanzas de la vida, que uno y otro día nos aleccionan! Pero hemos cumplido nuestro deber en este caso. Y ciertamente no es culpa de los que hoy vivimos —¡reos de tantas otras faltas!— el que hayan quedado eternamente perdidos en un montón anónimo los pobres huesos del gran poeta gallego!

FERNANDO MARTÍNEZ MORAS

(Informe que este señor, como secretario que era entón do noso rexio Instituto dou a coñecer na devandita solemnidade.)

VI

LEMBRANZA DE AÑÓN

“Ibamos por devesas e silveiras,
moras buscando e niños
de merlos, estorniños,
rulas, vichelocregos, carniceiras”.

Coma Curros gardaba Añón na invernía do seu destino unha rechoucheante Primaveira, agromada entr'as néboas da beiramar. Por baixo da arquitectura académica da égloga “Recordos da infancia” latexan horas vibradoiras, horas de neno sumerxido no feitizo resoante pol-as carballeiras, pol-as penedías, da terra labrega e mariñeira. A onda estoupa na loira cunchada praia, e os piñeiros levan ô seu son hastra o soar algairento das escascas. Brancas velas en demanda de Muros, o caviloso Louro, e por fora, o centilear infindo da mar. En toda obra d'esquirtor galego dormen longas horas de nenez, cheas de espranza, insoas de refuxio. Inmorredoira reserva vidal apenas sentida pol-os nados n'outros chans. Outimismo da infancia, irmán do eterno outimismo da raza. N'hai literatura que como a nosa teña tal fartura de natureza, nova eambeante, tantos ollos de neno, fondos, maravillados, ô largo do decorrer dos versos ou das prosas.

Paralelamente ô verso bárdico “Os tempos son chegados” dixo Añón: —“O tempo s'apresura —Querida patrea, escoita —Ise xemido rouco que racha o aire ván”. Chegaba unha realidade pol-o d'entón, redentora. Añón no seu cerne vate da Terra cantou o progreso. Viña pra espaxar a morna priguiza anterga. Inda deitaban por riba do verdecer dos liños, sombras abafantes de estruturas noxentas. Contra elas dábase o peito ôs tiros e pol-as novas luzadas sofriáanse ledamente a fame e a morriña lonxe do lar. Un mesmo

cantar, en variados tonos, decorre d'end'os Precursores a Cabanillas, e Taibo. Europa ten chamado de moitos xeitos ás nosas portas, e sempre os poetas souperon respondere. Ben saben que as ialmas dos pobos morren, isoladas. E que a língoa precisa alimentarse de novos hourizontes, Por algo os nosos poetas foron todos liberaes: pra ser dos bós e xenerosos compre unha grande emoción de Humanidade.

O Patriarca. A sua dinidade raiolaba d'amor ôs pobos e â liberdade. Quixera en língoa galega cantar o "Himno dos povos". Como tantas fidalgas testas do dazanove ergueu a sua, outiva e románteca, contra as nemigas nordesías. Gostaba de apalpar no corpo canso d'emigrado un espírito ceibe. Asina rubía as costas do Porto falando da patria e do porvir con Antolín Faraldo e Romero Ortiz. Mocidade. Leticia da serán portuguesa, esmaltada de doces froitos, cruzada de saudades, percorrida pol-a febre inqueda dos estudantes. O batelar das torres de Compostela nos ouvidos c'as pechas horas das crases do Seminario e a lembranza dos xornais literarios que xurdían contra tanta tradición acugulada. A conspirata. O tráxico ecoar dos afusilamentos. Fondas e longas seráns da emigración feitas de desesperos e de ancias: de coller unha pistola ou de trazar versos. Ben se decatava Añón como eran escoitados. Os poetas, d'aquela, sabían guial-a xente. E il podía cantar nas duas falas irmáns.

Nin Añón nin Curros disfrutaron d'un pazo aldeán pra soñar vivindo. Foi a mesma a grande door de Lamas, labrego espatriado na capital da provincia. Da noxo cavilar en tanto maorazgo e señorete de vivir porco. Mais ditoso Pondal sentiu decorrer as estacións d'end'as fiestras da sua casa galega e tivo tempo pra coller a fonda poesía da raza.

Outra door. Añón botado de Portugal sentiuse dobremente espatriado. Todo o seu vivir foi d'un emigrado. Galiza dentro e lonxe. En Andalucía fartouse e foille boa pr'o corpo a grande sesta de sol e torrón labrego. Empregado en Madrí. As oficiñas abríanse ás tres da tarde, traballase con lús ás ordres de xefes que figuraban coroneles do norte. Logo a noite bohemia, a meitada redución e o pensamento sempre voando por riba do Guadarrama e da planura marela hastra o consolo dos primeiros vals galegos. Soilo estivo n'eles curtas tempadas. O fadigado pelengrino da Europa non atopou un consolo no seo da terra-nai.

"Adiós frondosos bosques, adiós frolicos prados,
onde en ditosos días corrín e rebuldei!,
sereas, craras rías, outeiros perfumados,
collede meus sospiros de bágoas salpicados
¡Lonxe de vos eu morro! ¡Sin vos vivir non sei!"

O Patriarca, de certo. Il, fidalgo, forte, bulreiro, ô cabo do ben e do mal, vai levando da man a Curros ô largo das tríadas de “tres fios” do “Sainete”. Grande vello de coroa, monteira e caxato “c’os seus grandes ollos d’aguia—d’un criticismo infinito”. Incomparabre visión do poeta romántico que armado da lira vai franqueando c’a autoridade da Morte e da Poesía, as portas mais pechadas. Añón o capitán da Estadea inda non rematou a súa pelerinaxe. O son do “¡Recataprán!” cruza a noite espectral envexando o descanso de Curros. ¿Non é tempo, galegos, de que acougue n’unha coba galega, o corpo do vello capitán da Estadea? Xa que non tivo eiquí o seu derradeiro leito será impiedoso non atorparlle un copelo de terra ô poeta morto no Hespital lonxano.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

(“Nós d’Ourense, núm. 53, correspondente ô 15 de maio do 1928.)

VII

OS DERRADEIROS DÍAS DO POETA AÑÓN

Ninguén, antre os amigos póstumos do Poeta, tirou proveito dos libros que se levan no Hespital da Princesa, de Madride, pra saber das horas postreiras de aquil bohemio que quixo morrer na sua terra ou acougar n-ela os seus osos sin conseguilo. Somentes o espírito xeneroso de Anxelo Romero Cerdeiriña, namorado da figura apaixonante do romántico Añón, foi dar con isas miudas cousas, que engaden algunhas notas á sua vida, pouco coñecida aínda, que vou dar eiquí por oferta cordial de aquel amigo que ten contribuído a divulgar a obra do noso Poeta.

Consta por aqueles libros que o Añón ingresou no Hespital dito "padecendo afecto hepático" ás cinco da serán do catorce de abril de 1878, ocupando a cama núm. 20 da sala de San Lesmes e que ás catro da mañan do día 20 finou de cancro de fígado. Vivía Añón, cando entrou n-aquel Estabrecimento pra nunca mais sair á vida, na rúa "de los Amigos", núm. 10, coarto segundo. Tiña cédula do Distrito da Universidade, Barrio do Campo de Guardias, núm. 2302.

Ben pouco é o que alí consta do precursor que non recibeu aínda homeaxe ô seu patrianismo; mais ista nota serve pra demostrar que o seu nome non está esquencido no presente como tampouco Galicia o esquencerá en dexamáis.

F. BOUZA-BREY

"Nós, d'Ourense, núm. 94, correspondente ô 15 de outubro do 1931.)

VIII

DATOS PARA LA BIOGRAFÍA DEL POETA AÑÓN

I

ALGUNAS EFEMÉRIDES

Una de las personalidades menos estudiadas del renacimiento literario gallego, pese a lo mucho que su nombre suena —y el mecánico eco repite— es la del errabundo y desnortado Francisco Añón Paz. Inquieta la existencia, parca e irregular la obra, ambas ofrecen, no obstante, destacado interés, si sabemos juzgarlas con serena objetividad, en su momento histórico y ceñidas a su circunstancia.

Si la vida de Añón se nos hurta en aquello más importante siempre del hombre, esto es, en la huidiza intimidad, su obra literaria ha sufrido, también, graves estragos a manos de sus editores. Lo cual es disculpable, habida cuenta que las cuatro ediciones de sus poesías fueron realizadas después de su muerte, sin ese último toque de cuidado y selección con que el autor suele redondear las hirientes esquinas del verso.

La más nutrida colección de la obra poética de Francisco Añón, aquella que dio a la estampa el benemérito Martínez Salazar, recoge apenas 36 composiciones gallegas y 80 castellanas, cuando el disperso "corpus" suyo, entonces conocido, se eleva ya a 38 y 105, respectivamente. A estas cifras podemos añadir nosotros una veintena de poesías inéditas (gallegas, portuguesas y castellanas), que hemos tenido la fortuna de exhumar. Aunque, justo es decirlo, el escabroso contenido de algunas —reunidas en momentos de humor goliardesco— las haga ineptas para la estampa.

Aun sospechando que en la vida del poeta se han dado largos períodos de casi total esterilidad creadora, cabe también suponer que su obra lírica conocida representa apenas una parte —grande

o pequeña— de cuanto escribió. Añón fue hombre transhumano y descuidado, muy poco pagado de vanidades literarias, que solamente de cuando en cuando, excitado por amistosos requerimientos o por raptos emocionales de fervor proselitista, daba a la prensa alguno de sus áticos epigramas o de sus encendidos himnos. Gustaba más el poeta de mantener el alma en su almarío, a solas en aquella incurable nostalgia de la tierra, de cuya presencia física solo pudo gozar con plenitud hasta el término de sus estudios en Compostela. El resto de su vida andaría Añón desterrado, sin más que una breve y azarosa cura de tierras, allá por los años 1868 y 1869, a vueltas por Galicia, ensayando nuevos modos de vida, que resultaron fallidos.

Bien se comprende que en la maleta del escritor hubiese poco espacio para los papeles, a los que —según se cuenta— no siempre trasladaba las estrofas que le dictaba su fácil imaginación. Si una mano amiga no los apuntaba, los versos de Añón nacían y se quebraban en la misma luminosa fragilidad que una pompa de jabón. Cuanto el poeta haya creado, que hoy esté vedado a nuestro conocimiento, tal vez ya nunca se podrá recuperar. Lo habrán barrido los vientos aciagos que, a lo largo del tiempo, tantos preciosos manuscritos gallegos han arrastrado a la fosa común del papel. Si ahora nos es posible a nosotros añadir unas páginas ignoradas a su vida y a su obra, no es, ciertamente, porque el propio poeta se hubiese preocupado en guardarlas, en el amarillento legajo que ata la cinta frágil de la intimidad. Esta amorosa tarea se debe a deudos cercanos al autor cuyo último miembro, nuestro predilecto amigo don Gerardo Campos Ramos, ha tenido la generosidad de ofrecérnosla.

Las presentes notas son un avance de estudio más demorado y ambicioso, en torno a la vida y la obra de Francisco Añón, que, Dios mediante, un día no lejano hemos de intentar. Por de pronto, urge poner en claro algunos datos confusos de su peripecia vital, que vienen repitiéndose de modo mecánico en manuales y semblanzas biográficas, desde que sus propios contemporáneos —Augusto Mosquera, los hermanos Novo y García, Curros Enríquez, Manuel Murguía y otros— juzgaron de memoria o con escasa información, las fechas, avatares y motivaciones de su vida.

A través del epistolario que poseemos, de sus autógrafos y apógrafos, de las datas que en su obra editada se consignan y de las noticias, no siempre concordantes, que los citados autores nos ofrecen, es posible ya trazar una síntesis biográfica de Añón. El forzado esquematismo periodístico justificará ante el lector el diseño esquelético, de andamiaje estructural, con que tratamos de fijar la figura biográfica de Francisco Añón.

1812: 9 de octubre. Nace en Boel, ayuntamiento de Outes (La Coruña).

Circa, 1827: Inicia estudios eclesiásticos en Santiago, que concluye, pero sin llegar a recibir órdenes sagradas. Sigue entonces la carrera de Derecho. En Santiago fecha sus primeras poesías (1840, "El médico enamorado"; 1842, "Una carta anónima", "El sepulcro de Blanca", "A mi querido amigo José M.^a Posada, etc.).

1845: Se licencia en Derecho. En agosto de este año fecha su hermosa égloga "Recordos da infancia". También en 1845 y en Santiago escribe "A una mariposa". Tal vez sea de este año, o del siguiente, "A pantasma" (título original: "Alma en pena").

1846: Primera estancia en Lisboa. Se ha dado por cierto que esta marcha a Portugal obedeció a una orden de destierro, como consecuencia de la supuesta participación de Añón en los sucesos de Galicia en aquel año. Murguía desmiente este aserto, diciendo que le movió un simple afán de viajar. Pero nadie ha señalado que en Lisboa vivía su primo Diego Campos Añón, el cual poseía una "Loja de livros e estampas" en la Rúa Nova do Carmo, número 20. Les unía un cariño fraternal, y muy probable que Añón se trasladase a Lisboa llamado por su primo Diego, ya que aquél no se decidía a ejercer la profesión de abogado, para la que carecía de vocación. En Lisboa, Añón se encuentra muy a gusto, y pronto empieza a colaborar en la Prensa del país hermano, escribiendo con soltura en portugués. En unión de Luis Rivera, redacta "La Revista Peninsular", que se escribe en ambos idiomas nacionales: castellano y portugués.

1850: Añón es expulsado de Portugal, a causa de su "Himno dos Povos", de encendidos tonos liberales, que fue adoptado y cantado por los grupos avanzados del país. Pasa fugazmente por Madrid, donde escribe el soneto "A mi destino", que tiene toda la traza de un desahogo, ante aquella primera (?) sacudida:

“¿Por qué me miras con airado ceño
y me maltratas, bárbaro destino?
¿Por qué siembras de abrojos el camino
de un porvenir que columbré risueño?”

1850-1855: Añón posee una gran facilidad para los idiomas —escribe en gallego, castellano, portugués y dicese que también en italiano y francés—. Gracias a ello, obtiene un empleo como secretario del hacendado turista lord Shawford, con quien viaja estos años por Francia e Italia, cumpliendo así uno de sus mayores deseos: ver nuevas tierras y conocer otras gentes y costumbres. Epoca de gran esterilidad en su obra literaria; no conocemos ninguna composición suya fechada en estos años.

1855-1857: Regresa a España y se establece en Sevilla. Colabora en la Prensa andaluza y da clases de idiomas. El 17 de febrero de 1857 escribe "O recuerdo. A Galicia"; también es de entonces el gracioso romance "El portugués en Sevilla", y "A Lisboa", composición ésta en la que revela sus nostalgias de la bella capital lusitana.

1857-1866: Primer período de su vida madrileña. En Madrid colabora en importantes publicaciones periódicas y desde allí envía también poesías a la Prensa gallega. Primera redacción, en castellano, de "A Galicia" (1860). Del mismo año, "A la guerra de África", etc. En 1861 escribe "A mi querida hija Eufrosina", soneto con rima forzada, impuesta previamente por otra persona (Confesamos no poseer más datos de esta hija de Añón y sus íntimas vinculaciones familiares). En Madrid da también clases de idiomas.

1866-1868: Nueva estancia en Lisboa. Escribe varias poesías en portugués, hasta hoy inéditas, y otras en castellano. El soneto "A Camões" está fechado, en el original autógrafo que poseemos, el 9 de octubre de 1867, en Lisboa.

1868-1869: Regreso a Galicia, por Madrid, donde fecha el "Ovilejo" que empieza "Iré mis versos trovando".

1868-1869: Estancia de dos años escasos en Galicia. Visita su tierra natal; escribe el 7 de agosto de 1868 desde Puente Don Alonso a sus primos de Vigo; el 11 de enero de 1869, desde Santiago, les anuncia su próximo viaje a Vigo, para abrazarles, al tiempo que les envía décima, felicitándoles por su matrimonio. (Son estos sobrinos-primos don Eduardo Campos y doña Josefa Ramos, padres de don Gerardo Campos Ramos, sobrino-nieto del poeta). Hace un corto viaje a La Coruña y regresa a Santiago, donde se establece como librero de viejo, oficio en el que se había iniciado en Lisboa, al lado de su primo Diego; también Eduardo Campos poseía en Vigo otra librería, situada en la plaza de la Constitución. En septiembre de 1868 escribe Añón su "Himno dedicado al Pueblo, al Ejército y a la Armada de España", que se publica en el número 5 de "La Revolución", de Santiago; desde allí envía copia de él a Murguía, que se encuentra en Madrid, para que lo haga insertar en algún periódico de la capital, ya que, al parecer, "La Política" ha ofrecido un premio al mejor himno a la revolución. Mal debe andar el negocio de libros, pues Añón sólo una vez (1861) se había preocupado de premios literarios. Durante su estancia en Vigo escribe nuevos versos a José María Posada —su gran amigo de los años estudiantiles en Compostela—.

1869-1878: Nuevo y definitivo traslado a Madrid. Tras la revolución de septiembre, Montero Ríos, titular de la cartera de Gracia y Justicia, consigue para Añón un puesto en la "covachuela", que dura apenas, lo que una nube de verano. Cae Montero Ríos y cae

Añón, quien dedica a aquél dos poesías, una en gallego y otra en castellano. Otra vez el tirar de la pluma en la anónima labor periódica, que tampoco es fija, sino cazada a salto de mata, y otra vez las clases de idiomas. Estos últimos nueve años de su vida son los más conocidos, porque en ellos convivió con sus futuros biógrafos. Fundación de la "Galicia Literaria", por Vesteiro Torres, y presidencia de Añón, con las incidencias conocidas; época fecunda y jefatura espiritual de los escritores gallegos residentes en Madrid. Gran penuria económica. El "viejo Añón", el patriarca de los literatos gallegos en la corte, tiene apenas 65 años.

1878: 20 de abril. Fallece en el Hospital de la Princesa. Le asisten y acompañan en sus últimos días los amigos entrañables de "Galicia Literaria". Añón había conservado con entereza el tónico humor celta. Aun tuvo fuerzas para burlarse un poco de sí mismo, cuando ya se sabía acabado. Una de sus postreras composiciones es aquella tirada de doce quintillas, que tituló "A miña enfermédá", y que empiezan: "Fraco como un asubío..."

Flaca había sido también la fortuna del poeta. Sólo el asubío amoroso de Pan sació sus mejores horas de inspiración. "Fraco como un asubío" se iba el poeta; pero tras él quedaban "Recordos da infancia", "A pantasma", "O magosto", "A leiteira".

II

SUS POESÍAS EN PORTUGUÉS

La vehemencia con que Añón cantó en repetidas ocasiones la causa de la libertad política, ha hecho suponer a algunos biógrafos suyos que el poeta se hubiese visto envuelto en el pronunciamiento gallego de 1846, que tuvo triste epílogo en Carral. Ciertamente, la suposición nada tiene de descabellada, pues Añón alimentaba sentimientos muy concordes con el grupo de intelectuales que presidía Faraldo, a quien, sin duda, debió conocer y tratar en Compostela. No obstante, su actitud se cifraba apenas en una germinal simpatía hacia el amplio movimiento cultural gallego de aquellos años. A él acababa de sumarse Añón, publicando en "La Aurora de Galicia" las bien cortadas estrofas de "A pantasma", según Murguía "la mejor, más correcta y más acabada de sus composiciones".

El propio Murguía, que no en vano estaba en posesión del espíritu crítico del historador, y mantuvo, además, estrecha amistad con Añón, no tenía por qué engañarse y engañarnos, al añadir: 'Poco tiempo después de publicada esta poesía abandonó Añón a

Não sei como vos costu aquel beijinho,
 Pois cundo ter nos brazos quem amava,
 abraçado me achei con Sannastinho.
 Lus ao meu peito cual cobra i' enzalava
 E girando en confuso remoinho,
 Trunibundo bramia e me arcanhava,
 Até que os dois cahamos d' um pinote
 O meu e o que Cadeniz e Don Quixote.

Facsímil de una poesía de Añón, en portugués

Galicia, no por haber tomado parte en los acontecimientos de 1846, como se ha dicho, pues él jamás se mezcló en las contiendas políticas, que veía con la mayor indiferencia; sino por satisfacer sus vehementes ansias de ver otros países y conocer otros horizontes. Partió, pues, alegremente para Portugal, y después de una corta estancia en el vecino reino, pasó a Italia en calidad de secretario particular de un lord inglés que deseaba visitar la península italiana y el reino de Francia. (Vid. "D. Francisco Añón, nota necrológica anónima —pero indudablemente suya— en "La Ilustración de Galicia y Asturias", núm. 1. Madrid, 15-VI-1878).

En nuestro artículo anterior heemos anotado la circunstancia, hasta ahora no divulgada, de residir en Lisboa por aquel tiempo un primo carnal del poeta, don Diego Campos Añón, propietario de un establecimiento de libros y grabados en la Rúa Nova do Carmo. Es muy verosímil que en la marcha de Añón a aquella capital mediase una invitación de su pariente, concedor del rumbo incierto en la existencia del eterno estudiante a quien su nuevo título de Licenciado en Leyes tan poco había servido para abrir camino en la vida material. Diego Campos pensaría acaso asociarle a su negocio o propiciarle —pues era hombre de buenas relaciones en los medios.

intelectuales del país— algún empleo docente compatible con otras actividades de orden literario. Nada cierto sabemos sobre el particular, a no ser que, en efecto, Añón se hizo pronto un nombre en el mundillo lisboeta de las letras y fue redactor de "La Revista Peninsular", publicación bilingüe simpatizante con la idea del federalismo ibérico. En todo caso, la primera estancia de Añón en Portugal no resultó tan breve como Murguía da a entender, puesto que en la capital lusitana residió nuestro poeta, durante esta época, algo más de cuatro años. Ello prueba que en Lisboa llegó a contar con medios suficientes de subsistencia. No hemos de excluir la posibilidad de su dedicación, ya entonces, a la enseñanza de idiomas.

La extraordinaria facilidad que Añón poseía para las lenguas y, naturalmente, su condición de gallego-parlante, le situó desde el primer momento en condiciones de abordar el cultivo del portugués, casi sin vacilaciones ni balbuceos. Algunas previas lecturas de los clásicos lusitanos —que son de suponer en todo hombre de letras nacido en Galicia— le habrían dado una elemental preparación, que muy pronto el diario ejercicio de la lengua convirtió en dominio fácil. Entre los papeles del poeta llegados a nosotros figuran varias copias, por manos poco hábiles, de sendas composiciones hasta ahora inéditas escritas en portugués por Añón. De su ensayo en el cultivo del idioma hermano poseíamos antes de ahora un testimonio, el famoso "Himno dos povos", que, según se afirma, le costó el destierro de Portugal. En "Un portugués en Sevilla" y "A miña enfermédá" hay también varios fragmentos en dicha lengua, pero tan escaso peculio poético apenas demostraría otra cosa que una dedicación circunstancial, si ahora no se demostrase de modo pleno que Añón versificaba en portugués con igual soltura que en castellano o en gallego. La vinculación de Añón a la expresión lírica en el habla lusitana podría considerarse todavía como anecdótica, pero la presencia de una decena de nuevas composiciones escritas por él en la lengua de Camões, nos autoriza ya a juzgar con otra dimensión esta faceta de su obra literaria.

Un estudio demorado de sus manuscritos en portugués —sólo uno de ellos autógrafo— acaso permita ampliar el número de poesías de dicho idioma que pueden serle atribuidas. Hoy nos limitamos a dar noticia de aquellas seis que no ofrecen resquicio a la duda. Cuatro están dedicadas por Añón a fastos familiares del matrimonio Diego Campos-Joaquina Rosa. Era ésta una linda y joven portu-guesita, a la que su primo político piropea galantemente, con fino y entrañable afecto. Vale decir que —pues casi todo en su poesía está por estudiar— no se ha examinado aún debidamente la constante del "eterno femenino", que campea a lo largo de la obra lírica de Añón. El culto a la mujer y el culto a la amistad constituyen

para él anchos cauces de motivación, que un futuro análisis crítico de su obra deberá considerar detenidamente. A modo de ilustración transcribimos, sin alterar la ortografía del apógrafo, la primera de estas composiciones, como reveladora de la soltura con que Añón manejaba el lenguaje adoptivo, al atreverse a ensayar —con tan feliz acierto— la acrobacia formal del acróstico.

J ulgo ser algum feitico,
O u encanto, ou bruxaria,
A quella doce alegría
Q ue me inspira o teu sorriso.
U m prazer do Paraiso
I magino estar gozando,
N 'aquelles momentos, quando
A s tuas feicoes mimosas,
R esplandecen taõ formosas,
O stentando imensas graças:
S o esquecen minhas desgraças
A nte essa cara de rosas.

Sigue, en el mismo cuadernillo, un soneto en que el autor brinda por la felicidad del matrimonio, con motivo de cumplir 27 años su “cara prima” Joaquina Rosa; y el mismo tema inspira una décima de perfecta hechura. Finalmente, otra décima revela el arrobado entusiasmo con que Añón apreciaba la singular belleza de su prima política. Estas cuatro breves composiciones deben datar de la primera época de Añón en Lisboa, entre los años 1846 y 1850.

Las décimas que damos a continuación tan empapadas del grajeo que caracteriza el estilo de Añón, van dirigidas a un amigo lisboeta desde Sevilla, y datarán —como se colige de su comienzo— del momento de su llegada a dicha ciudad, víctima de aquel destino errante, andando “aos trambulhoens”, allá por el año 1855, después de sus viajes por Italia y Francia. Como documento autobiográfico, revelador, al propio tiempo, de esa faceta venusta que venimos registrando en la obra lírica de Añón, creemos que esta poesía reviste singular valor. La copia que manejamos ha sido realizada por mano diferente que las anteriores, y también más indocta en la ortografía portuguesa, según se advierte en nuestra fiel transcripción, con la presencia de algunas omisiones y voces dudosas. Aparte las claras alusiones a los avatares viajeros del poeta, que bastarían para reconocer como suya la poesía, el manuscrito aparece signado con las iniciales “F. A. de P.”, pues efectivamente, el propio poeta unió algunas veces sus apellidos con la partícula “de”.

Heisme aquí nesta cidade,
meu rico /amigo/Simoens,
onde vin aos trambulhoens
parar por casualidade.
Aquí abunda de verdade
raparigagem ben linda
que a volcánico amor brinda;
porem, eu sempre acanhado,
como raposo esfaimado
digo: "estão verdes ainda".

Alen d-iso, no país
áchome un pouco novato;
c'as filhas de Viriato
tenho sido mais feliz.
Lémbrame un rifão que diz
"sol da casa não aquece".
E certo, pois me parece
que graza, sandunga e sal
tãombem se acha en Portugal
cuando Deus nos favorece.

Eu não sei, mais en Lisboa
nunca faltou, descuidada (?)
a bella raparigada
que de amor merece a croa;
amavel, fresca e tão boa,
como en cuaisquera paices.
Deijemonos de niquices,
seu não dera, fique mudo,
Sevilha, Giralda e tudo
pela cidade de Ulises.

Amamos as estrangeiras
e estas nos aman a nos
pois Deus asin o dispós
por misteriosas maneiras.
Elas ternas, feiticeiras,
nós feitos uns mariolas,
sen cuasin romper as solas
pusuimos seu encanto;
e a vós sucede outro tanto
com as damas espanholas.
Ail, quanto dera eu agora
por ver una portuguesa
linda, risonha e travesa,
doce meiga encantadora,

que con fala seductora
nos trevos (?) dicesse asin:

“Has de lembrarte de min”.
¡Coração por quen respiro,
c'un beijo ardente, o suspiro
apágase, ¡oh triste fin!

Aquella añoranza que el poeta de Boel sentía por los encantos de la bella capital lusitana, se explayaría con más altos vuelos en el canto “A Lisboa”, compuesto también durante su estancia en Sevilla, en 1857.

Con toda la traza de una improvisación, a pretexto de alguna juntanza de amigas, donde acaso el pícaro “espumante” provocase ósculos y abrazos de fraternal camaradería, nos ha dejado Añón, escrita de su propia mano (y a lápiz como acostumbraba), una octava epigramática que aquí reproducimos en facsímil. La ocasión del hecho que describe se nos oculta, pero deja traslucir un pasaje de la amable existencia de Añón en Lisboa, cuya lejanía lamentó después con auténtica saudade:

Não sei como vos conte aquel beijinho,
pois crendo ter nos brazos quem amava,
abrazado me achei con Sanmartinho
que ao meu peito cual cobra s'enrolava,
e girando en confuso remoinho,
furibundo bramia e me arranhava,
até que os dois cahimos d'un pinote
o mesmo que Cardenio e Dom Quixote.

Quede para otra ocasión el estudio de nuevos aspectos, hasta hoy desconocidos de la obra y la vida de Francisco Añón Paz. Las presentes notas no han tenido más objeto que fijar algunas fechas cruciales de su existencia y mostrarle, con cierta amplitud, como afortunado cultivador de la lengua portuguesa. Fue éste uno de los modos con que exteriorizó el poeta su profunda devoción por la tierra hermana.

JOSÉ M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ

(“Faro de Vigo”, núms. correspondientes ô 19 e 22 de marzo do 1960.)

IX

FRANCISCO AÑÓN

Francisco Añón Paz nacéu en Boel, aldea da freiguesía de San Pedro de Outes, partido xudicial de Muros, o 9 de outubro de 1812. A súa vida de cativo aldeán está evocada no mellor dos seus poemas, "Recordos da infancia". Estudóu no Seminario de Santiago, de onde pasóu á Universidade. En 1845 licenciouse en Xurisprudencia. Xa tiña por entón colaborado en periódicos de varias cidades galegas. En 1846 trasladóuse a Lisboa, onde o seu curmán Diego Campos Añón exercía a profesión de libreiro. En Lisboa, i en portugués, escribiu un "Himno dos povos" e outras poesías. En 1850 houbo de abandonar o país. Como segredario de lord Shawford viaxou por Francia e Italia. Volto a España, residíu en Andalucía tres anos (1855-1857), traballando no periodismo e o insino de idiomas. Trasládóuse a Madrid, que leixou en 1866 pra se establecer novamente en Portugal. En 1868 regresa a España, e reside algún tempo en Galicia. En 1869 disfoitóu dun emprego no ministerio de Gracia e Xusticia. Cesante, vivíu adocido e probe o resto dos seus días. Morréu no Hospital da Princesa o 20 de abril do 1878, e foi soterrado no Cimiterio do Norde, de onde en 1899 foron trasladados todos os despoxos ao do Sul.

Entremedias dista abalada existencia, desterrado de Galicia a maor parte dos seus días Añón ardéu decote no amor do país natal. Sempre estivo en relación estreita cos seus paisáns. En 1861 concurre aos Xogos Frorás da Cruña enviando o seu efusivo himno "A Galicia", única poesía en galego premiada naquil certame. Na sesión fundacioal da sociedade "Galicia literaria", celebrada en casa de Emilia Calé, prima de Vesteiro Torres, en 1875, Añón estivo presente; e os literatos galegos residentes en Madrid que a constituiron, deron a presidencia ao vello Patriarca.

Foi a súa unha vida típica de bohemio romántico. A maor parte dos seus versos foron improvisación ás que non concedía importancia. Conserváronse algúns nos boletíns da época; outros, máis ou menos desfigurados, na lembranza dos seus amigos. A primeira colección das súas poesías imprentóuse en Vigo, en 1848, como folletón de **La Concordia** ¹.

O periódico **El Tambre**, de Noia, publicóu algunhas das poesías de Añón en folletín, en 1879. Martínez Salazar editou as que poido reunir nun tomo da Biblioteca Galega ². Carré Aldao imprimíu unha escolma das escritas na nosa fala ³. As que chegaron ate nós son en número ben reducido.

Como xa teño dito, a máis inspirada é “Recordos da infancia” (Egloga) ⁴. Un lindo idilio en endecasílabos i heptasílabos, abundante en vivas descrições de brillante corido i en delicados rasgos sentimentás. Ista poesía foi traballada con apuración e coidado. Unha primitiva redacción de setenta e catro versos foi superada pola definitiva, de cento setenta e sete, máis cinco casteláns que sirven de introducción en ambos casos ⁵. Como nos versos galegos de Pastor Díaz, hai nístes de Añón moitas relembranzas clásicas aínda.

“A pantasma” ⁶ é outro acerto, ista vegada no xénero humorístico. Anque a composición da escea non está moi coidada, o poema rebosea gracia e naturalidade, e a versificación —tamén emprégase a silva— é fluida e correita, e subraia a rebuldeira ironía éon que está desenrolado o tema.

Menos artísticas son as poesías “A Galicia”. A premiada con **accesit** na Cruña ⁷ ten ao menos quentor, entusiasmo, sinceridade. Análoga pola forma e o fondo, pero inferior en ímpetu, é a chamada “O recordo” ⁸. Istes dous poemas están escritos en octavas italiás. Un terceiro ⁹ emprega os alexandrinos zorrillescos, e tamén depende de Zorrilla na estrutura interior. Mesmo o emprego da voz **condor**, con acentuación osítona, refírese ao vallisoletán. Agoira a Galicia

¹ *Poesías varias. Colección debida a la inspirada pluma del eminente gallego D. Francisco Añón Paz. Precedidas de un artículo necrológico.* Biblioteca de La Concordia. Vigo, 1878. Imprenta de M. Fernández Dios. Constitución, núm. 6.

² FRANCISCO AÑÓN: *Poesías gallegas y castellanas. Prólogo de Victoriano Novo y García.* La Coruña, 1889.

³ *Poesías de Francisco Añón, c'un prólogo de Eugenio Carré Aldao.* Imp. e Lit. de L. Lorman, Real, núm. 44. A Cruña, 1920; e *Poesías gallegas por Francisco Añón.* Biblioteca lírica Lar. A Cruña (s. d.).

⁴ *Poesías de Francisco Añón.* A Cruña, 1920. Páx. 20 ss.

⁵ JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: “El romanticismo gallego en Nicomedes Pastor Díaz”. *Alba. Verso y prosa.* 15. Vigo, 1956. A versión curta pode se ver no *Album de la Caridad*, páx. 120 ss.

⁶ *Poesías de Francisco Añón.* A Cruña, 1920. Páx. 14 ss.

⁷ *Id.* Páx. 17 ss.

⁸ *Id.* Páx. 27 s.

⁹ *Id.* Páx. 11 ss.

un porvir dourado no século do vapor, e canta ao tren, anunciando a Curros. Canto á técnica do verso en Añón, é de notar a frecuencia do hiato.

O resto das poesías galegas do Patriarca ate hoxe chegadas, non ten maor interés. Añón pagou tributo á poesía cortesá escribindo, como Turnes, García Mosquera e tantos outros, unha composición con motivo da visita de Isabel II a Galicia: "Galicia visitada polos reis" ¹⁰. O "Himno á agricultura" é unha mestura de decramacións progresistas, maliciosas chuscadas, lindas descripcións e prosaicas ocorrencias ¹¹. A sona que atinxiu "O magosto" ¹² me non parez suficientemente fundada. No xénero costumista é preferible "A leiteira" ¹³, que remata como a fábula de Samaniego. "Amor apresurado" é un soneto no que se ouce un eco do *carpe diem* e o *collige rosas* ¹⁴. Dúas elexías escritas en silva, "Á memoria do eminente poeta español D. Gabriel García Tassara" ¹⁵, e "Á indeleble memoria do malogrado poeta e literato gallego Don Teodosio Vesteiro Torres" ¹⁶, percuran o tono nobre. Non carecen de inxenio as décimas "Al Excelentísimo Sr. D. Florencio Vaamonde, ministro de la Gobernación" ¹⁷, pedíndolle un emprego; nen as quintillas "A Don Eugenio Montero Ríos, ministro de G. y J." ¹⁸, agradecendo o posto de Oficial no Arquivo dise Departamento. O demáis é todo himnos i epigramas escritos con moita presa.

Ao agarimo da sombra do seu irmán, imos dar cobexo na historia da literatura galega a Nicolasa Añón, sequer lle non adiquemos un parágrafo especial. Nun artigo periodístico de Lisardo R. Barreiro, incorporado a un libro publicado en 1890, fálase dista muller ¹⁹. Persoa que tivera amizade co autor de "A pantasma", revelara a Barreiro que o vello bardo, a se lembrar da súa irmá en estranxeiro chan, soía decir: "¡Ai, se ela estudase algo, se mesmo poidera ler catro versos, os seus farían que os meus se esqueceran!" Barreiro visitou Boel rubindo dende Noia, nun bote, polo Tambre. Na humilde casa onde o poeta nacera, atopou a Nicolasa, vella entón de setenta e seis anos, que, malia a súa idade e os seus alifafes, tomaba parte activa nas faenas agrícolas, e repartía o tempo que ístas lle

¹⁰ AÑÓN: *Poesías variadas*. Vigo, 1878. Páx. 27 ss.

¹¹ *Id.* Páx. 24 ss.

¹² *Id.* Páx. 47 ss.

¹³ *Id.* Páx. 53 ss. Cf. "A castañeira en Santiago", de Valladares (IGLESIA: *El idioma gallego*, I, 79 ss.).

¹⁴ AÑÓN: *Poesías*. La Coruña. Andrés Martínez, editor. 1889. Páxs. 61-62.

¹⁵ *Id.* Páxs. 111-116.

¹⁶ *Id.* Páxs. 125-131.

¹⁷ *Id.* Páx. 67 ss.

¹⁸ *Id.* Páx. 74 ss.

¹⁹ LISARDO BARREIRO: *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*, La Coruña, Andrés Martínez, editor, 1890; páxs. 35-61.

deixaban libre, antre os coidados da familia e os traballos domésticos, e, máis que nada, no precurso das pitas ²⁰.

Nicolasa, que non empregaba pra se espresar outra fala que a galega, e cáxeque non sabía de pruma máis que poñer o seu nome, maxinaba versos coma quen non quer a cousa, mentras andaba a debullar o millo ou a acomerar as vacas.

Aquela aboa,

**que non tuvo máis principios
que os que apañou co ligón,**

recitou a Barreiro os versos que gardaba na memoria. Gracias ás anotacións do cronista, se nos teñen conservado dúas mostras do nume popular da señora Nicolasa; unha elexía á morte do probe Farruco ²¹ e unha composición inspirada na visita a Santiago do rei don Alfonso XII ²². Ambas pezas están feitas en cobras oitosilábicas, é decir, na forma máis habitual do noso cancionero aldeán. Teñen toda a gracia i espontaneidade da poesía popular. A irmá de Añón, como o canteiro que fai cruceiros, o barreiro que fai cazolos ou a tecelá que fai colchas, era unha portadora inconsciente do espírito do pobo. A súa poesía, pois, é folklore, anque resgatado do anónimo. É un caso de poesía popular firmada. Por eso incluímola na nosa Historia. E se algún ouxetara que nista obra se non trata da poesía popular, lémbrese de que temos falado de poemas de Castro e Neira, Gómez del Ferrol, Turnes e outros autores que aspiran sinxelamente a ser enteiramente impersoás, a refrexar enteiramente a voz do pobo. Ora, istas cobras de Nicolasa Añón realizan ise ideal. Pero xa non foron compostas por un doutor en leises ou un licenciado en teoloxía, que tiñan que esquencer a súa cultura literaria pra imitar o ton rústico. Son, pois, unha realización auténtica perante os ensaios de imitación eruditos. E se mencioamos os escritores que quixeron imitar a arte popular, ¿cómo íamos silenciar a unha xenuina artista popular cuio nome, por esceición, tennos chegado coa súa obra? A

²⁰ Barreiro sitúa en maio a súa visita a Boel. Máis adiante di que polo vran do mesmo ano atopou a Eduardo Pondal na Cruña, e ambos conversaron “sobre Añón y la poetisa rústica, su hermana”. Parez se desprender do testo que por entón non publicara Pondal os seus *Queixumes* (*Ob. cit.*, páxs. 36, 73, 74, 75, 76, 78). O termo “ad quem” da entrevista de Barreiro con Nicolasa, vella de setenta e seis anos, é, pois, o de 1886, data da edición dos *Queixumes*. O termo “a quo” é o de 1882, xa que a visita de Alfonso XII a Santiago tivo lugar os días 15 e 16 de agosto de 1881. (Pode se ver a crónica correspondente na *Ilustración Gallega y Asturiana*, tomo III). Logo Nicolasa nacéu antre 1806 e 1810.

²¹ BARREIRO: *Ob. cit.* páxs. 53-54.

²² *Ob. cit.*, páxs. 57-61.

mesma temática, a visita real, témola achado en moitos poetas do dazanove —incluso Francisco Añón—, a maoría dos cales disfarzáronse de labregos pra saudar aos príncipes. Eiquí atopamos, sen disfarce algún, dicindo as súas cobras, unha labrega verdadeira, de nome coñecido.

RICARDO CARBALLO CALERO

(Historia da literatura galega contemporánea. Vigo, 1963, tomo I, páxs. 80-83.)